



GRUPO PROVINCIAL
G-32014003
xosebaltar@bng.gal

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, María Mangana Guede e Xosé Manuel Puga González ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte **PREGUNTA A PLENO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro formalizouse o suministro de material necesario para equipar 40 postos de usuario (ordenadores portátiles, monitores, ratóns e teclados) da Diputación Provincial de Ourense.

O informe técnico, no punto 3 de valoración xustificacións das ofertas especialmente baixas, recolle o seguinte a respecto da empresa seleccionada *“Tal y como se recoge en el acta de apertura de las ofertas económicas, la propuesta del licitador “SERTECO OR, S.L.” estaría en el supuesto de baja anormalmente desproporcionada”* e que se entende xustificada unha vez analizada a documentación requerida sobre custes e marxes de beneficio.

Porén non podendo acceder ás características técnicas dos equipos ofertados por SERTECO OR, SL

PREGUNTAS

1. Cumpren todos os equipos ofertados por SERTECO OR, SL con todas as características técnicas sinaladas no pliego de prescricións técnicas particulares do procedemento aberto para a contratación do material necesario para equipar postos de usuario (ordenadores portátiles, monitores, ratóns, e teclados) da deputación de Ourense?
2. Todos estes equipos están equipados con conexión inalámbrica Wireless Wi-Fi 6 (802.11ax) integrada, como figura no PPT?
3. Pódese facer público e trasladar ao grupo do BNG as características técnicas dos equipos ofertados por SERTECO OR, SL ?

Ourense, 25 de outubro de 2023.

Asdo: Bernardo Varela López
Voceiro do grupo provincial do BNG

A SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE